



XOSÉ ANTÓN PARADA FERNÁNDEZ, Concelleiro do Grupo Municipal do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, neste Concello, presenta a seguinte solicitude ante o Pleno da Corporación Municipal, a Comisión de Goberno e ante o Alcalde en relación á **posibilidade de dotar de beirarrúas nun tramo da estrada Ribeira-Castiñeiras**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai varias lexislaturas que se dotou de beirarrúas a estrada que vai a Castiñeiras pola zona do Touro, feito que coincidiu coa declaración de zona urbanizable de todo ese entorno. A día de hoxe só queda un pequeno tramo, na man esquerda en dirección a Castiñeiras, que no seu día non se urbanizou por mor de que a maior parte da zona limítrofe era zona forestal. Actualmente esa zona forestal quedou reducida á mínima expresión, xa que parte de la está urbanizada, mais sen dotación de beirarrúas co perigo que iso supón para os peóns que utilizan ese tramo. Ademáis, co gallo das obras de acondicionamento do litoral desa zona baixo o proxecto "Ribeira Atlántica", sería de grande interese para o desenvolvemento da citada zona que ese tramo que queda tamén tivese as súas correspondentes beirarrúas.

Polo tanto o Grupo Municipal do BNG

SOLICITA:

Que nos próximos orzamentos se destine unha partida, dentro das posibilidades orzamentarias, para dotar de beirarrúas a esta zona do Touro da Estrada Ribeira-Castiñeiras.

Ribeira, 23 de Abril de 2014

Asdo.: Xosé Antón Parada Fernández

SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE RIBEIRA